

deu tamén a Administración do Estado que, tras ter iniciado expediente sucesorio ao seu favor, remitiu as actuacións a esta Administración autonómica. Actualmente, en virtude do artigo 20.2º, 3º e 5º da Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas, dispónse, xenericamente para esta controversia, a sucesión en favor da Administración competente.

Segundo o artigo 17 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, a adquisición pura e simple de bens a título gratuito ou lucrativo requirirá decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do quince de decembro de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Aceptar o legado disposto a favor da Comunidade Autónoma de Galicia por María Lucía Rodríguez Varela.

Por vontade da causante, o patrimonio legado, os bens inmobles da súa pertenza localizados no municipio de Gome sende, quedan afectos a fins en materia de conservación da natureza e adscritos á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 2º

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, quince de decembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se resolve a concesión do certame de premios ao deseño de páxinas web de centros educativos, ao desenvolvemento de materiais educativos curriculares, a galerías de imaxes en contorno web e a vídeos ou animacións de carácter pedagóxico, dentro do Proxecto Siega, realizados por profesorado e alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola Orde do 10 de xuño de 2005, con-

vocou certame de premios ao deseño de páxinas web de centros educativos, ao desenvolvemento de materiais educativos curriculares, a galerías de imaxes en contorno web e a vídeos ou animacións de carácter pedagóxico, dentro do Proxecto Siega (DOG nº 116, do 17 de xuño), realizados por profesorado e alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos co fin de fomentar o desenvolvemento de materiais educativos que supoñan a utilización de ferramentas propias da sociedade da información nos centros educativos.

Segundo o disposto no artigo 7.2º da orde da convocatoria, o día 14 de novembro de 2005 constituíuse o xurado encargado de avaliar os traballos presentados, que procedeu á súa valoración e, con data do 2 de decembro de 2005, levantou acta da proposta de concesión de premios, que se elevou á conselleira para a súa aprobación e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios ao deseño de páxinas web de centros educativos, ao desenvolvemento de materiais educativos curriculares, a galerías de imaxes en contorno web e a vídeos ou animacións de carácter pedagóxico realizados por profesorado e alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 10 de xuño de 2005 dentro do Proxecto Siega, aos traballos do profesorado e alumnado que se sinalan no anexo a esta orde.

Segundo.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados e interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Modalidade A: deseño e contidos de páxinas web de centros educativos

Equipos de profesorado de centros que impartan ensinanzas de ed. infantil e/ou primaria			
PREMIO	IMPORTE	CENTRO	COORDINADOR
1º	2.000€	CEP DE CESPÓN	Iglesias Iglesias, Mª Dolores
2º	1.500€	CEIP SACO E ARCE	Álvarez Carnero, Saladina
3º	1.000€	C.E.I.P. A CARBALLEIRA - LOURIZÁN	Vilar Pérez, Francisco Javier
Equipos de profesorado de centros que impartan o resto de ensinanzas non universitarias.			
PREMIO	IMPORTE	CENTRO	COORDINADOR
1º	2.000€	CPI DE ATIOS - VALDOVIÑO	Castro Miguel, Miguel Carlos de
2º	1.500€	IES DE VALGA	Buela Piedra, Pilar
3º	1.000€	IES DE SAR	Gómez Segade, Pablo

Modalidade B: desenvolvemento de materiais educativos curriculares en contorno web

Profesorado de centros que impartan ensinanzas de ed. infantil e/ou primaria				
PREMIO	IMPORTE	TÍTULO DO TRABALLO	COORDINADOR	CENTRO
1º	6.000€	DESERTO		
2º	4.000€	DESERTO		
3º	3.000€	JOAN MIRÓ	Pousa Díaz, Mª de los Ángeles	CRA DE TEO
4º	1.500€	AVES DE VALDEORRAS	Freixeiro Álvarez, Xoaquín Carlos	CEIP CONDESA DE FENOSA
5º	1.000€	ANIMAIS DOMÉSTICOS	Fernández García, Mercedes Pilar	CEIP VIRXE DA LUZ
Profesorado de centros que impartan o resto de ensinanzas non universitarias.				
PREMIO	IMPORTE	TÍTULO DO TRABALLO	COORDINADOR	CENTRO
1º	6.000€	DESERTO		
2º	4.000€	QUÍMICA PRÁCTICA	Mariño Domínguez, Francisco	IES LELIADOURA
3º	3.000€	OS ELEMENTOS DA VIDA	Vázquez Martínez, José Carlos	IES MONTE DA VILA
4º	1.500€	ORTOGRAFÍA DE LA LENGUA CASTELLANA	Pedrosa Rúa, Jorge	IES DE TEIS
5º	1.000€	EQUILIBRIO DO MERCADO	Suárez Albares, Mª de las Mercedes	IES DE VALGA

Modalidade C: galerías de fotografías ou ilustracións en contorno web

Profesorado de centros que imparten ensinanzas de ed. infantil e/ou primaria				
PREMIO	IMPORTE	TÍTULO DO TRABALLO	COORDINADOR	CENTRO
1º	1.000€	MAREANDO	Domínguez Cuña, Abrahan	CEP DR. FLEMING
2º	600€		DESERTO	
3º	400€		DESERTO	
Profesorado de centros que imparten o resto de ensinanzas non universitarias.				
PREMIO	IMPORTE	TÍTULO DO TRABALLO	COORDINADOR	CENTRO
1º	1.000€		DESERTO	
2º	600€		DESERTO	
3º	400€		DESERTO	

Modalidade D: vídeos ou animacións de carácter pedagóxico

Profesorado de centros que imparten ensinanzas de ed. infantil e/ou primaria				
PREMIO	IMPORTE	TÍTULO DO TRABALLO	COORDINADOR	CENTRO
1º	1.000€	FÁLAME DO MAR	García de la Fuente, Iria	CEP DR. FLEMING
2º	600€		DESERTO	
3º	400€		DESERTO	
Profesorado de centros que imparten o resto de ensinanzas non universitarias				
PREMIO	IMPORTE	TÍTULO DO TRABALLO	COORDINADOR	CENTRO
1º	1.000€		DESERTO	
2º	600€		DESERTO	
3º	400€		DESERTO	

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 27 de decembro de 2005 de delegación de competencias en materia de acuicultura no director xeral de Recursos Mariños e nos delegados territoriais desta consellería.

A actividade administrativa da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos supón unha concentración de funcións arredor do seu titular que aconsella, dado o seu volume, recorrer á delegación de competencias nos órganos dependentes da consellería, sen esquecer o debido respecto aos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria e redundante en beneficio tanto da Administración como dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto ás garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exige.

A delegación de competencias xa foi utilizada ao longo dos últimos anos en materia de acuicultura, dando lugar a numerosas ordes que afectan a procedementos diversos referidos a esta actividade. As modificacións normativas operadas nestes procedementos así como a busca da claridade e simplicidade, aconsella unificar nun só texto todas as delegacións de competencias relativas á mesma materia.

Polo exposto, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 43.3º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,